



Obxecto:	Informe Estudio de Impacto Ambiental e Proxecto Sectorial
Proxecto:	Parque Eólico O Cerqueiral
Concellos:	Cabana de Bergantiños, Coristanco e Santa Comba
Promotor	GREENALIA WIND POWER O CERQUEIRAL, SLU
Remitido:	Servizo de Enerxías e Minas. Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Economía, Empresa e Innovación.
Clave:	IN408A 2019/15
Expte.:	03.I.543.2020.001 (Servizo de Arqueoloxía) IA2956/2020 (Servizo de Arquitectura)

O 12.11.2020 ten entrada no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia un escrito do Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Economía, Empresa e Innovación polo que se pon a disposición da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, na páxina web da Xunta de Galicia, os documentos: *Estudio de Impacto Ambiental del Parque Eólico O Cerqueiral, en los términos municipales de Cabana de Bergantiños, Coristanco y Santa Comba (A Coruña), Marzo 2020 e Proyecto Sectorial Parque Eólico O Cerqueiral. Marzo 2020.*

De acordo co establecido no apartados 2 e 3 do artigo 37 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental e no artigo 34.1 da Lei 5/2016, do 4 e maio, do patrimonio cultural de Galicia solicítase que a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural emita o correspondente informe sobre os documentos técnicos de referencia.

ANTECEDENTES E FEITOS

O 09.10.2019 a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural autoriza a intervención *Prospección arqueolóxica para a avaliación sobre o patrimonio cultural do Parque Eólico O Cerqueiral (Cabana de Bergantiños, Coristanco e Santa Comba, A Coruña)* (CT 102A 2019/670-0) dirixida polo arqueólogo Enrique Álvarez Veira.

O 11.03.2020 a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural emite informe sobre consultas no procedemento de Avaliación do Impacto Ambiental Ordinaria do Parque Eólico O Cerqueiral, no que se establece a obrigação de realizar dunha prospección arqueolóxica de todo o ámbito afectado polo proxecto.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016)
- Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia (DOG núm. 139 do 18.07.2008)
- Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban as Directrices de Ordenación do territorio de Galicia (DOG núm. 36 do 22.02.2011)
- Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11.12.2013)
- Lei 9/2018, de 5 de decembro, pola que se modifica a Lei 21/2013 de 9 de decembro de avaliación ambiental, a Lei 21/2015 de 20 de xullo, pola que se modifica a Lei 43/2003, de 21 de novembro, de Montes e a Lei 2/2005, de 9 de marzo, pola que se regula o réxime de comercio de emisións de gases de efecto invernadoiro (BOE num. 294, do 06.12.2018)
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia (DOG núm. 162, do 27.08.2018)
- Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 150, do 06.08.1997)
- Decreto 198/2020, de 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (DOG núm.242 do 01.12.2020)

Estudo de Impacto Ambiental

- O documento recolle a valoración ambiental do proxecto do PE O Cerqueiral de 27 MW de potencia total, que constará de 6 aeroxeradores, de 4,5 MW de potencia nominal, 111 m de altura de buxa e 136 m de diámetro de rotor, e a súa infraestrutura asociada: accesos e vieiros interiores, cimentacións, movementos de terras, instalacións auxiliares (zonas de campamento de obra, maquinaria e amoreamentos), sistema de drenaxe, plataformas de montaxe, gabias de cableado, centro de seccionamento e control, e torre meteorolóxica.
- O Parque Eólico O Cerqueiral evacuará a súa enerxía a través da SET do PE Campelo, que será utilizada tamén polos os parques eólicos Campelo, Bustelo e Monte Toural.
- Das dúas alternativas analizadas a elixida é a nº 2, que se considera a máis favorable ambientalmente. Esta alternativa coincide coa presentada e informada no documento de inicio. Na súa selección tiveronse en cota os





elementos do patrimonio cultural catalogados existentes na zona e os seus contornos de protección. Sinálase que algunhas infraestruturas están proxectadas dentro de contornos de protección.

- O acceso xeral ao parque realizarase por viarios que parten desde a estrada CP-2904, no caso dos aeroxeradores 05 e 06, e desde a estrada CP-2902 para o resto das máquinas. Contémplase á adecuación de pistas existentes e a construción de novos viarios.
- No punto 5 *Descripción del medio preoperacional*, no subapartado 5.2.10 *Patrimonio arqueológico*, inclúese unha relación dos bens máis próximos ao ámbito de afección e remítesenos ao Anexo nº 5 no que se expoñen os resultados do estudo de impacto arqueolóxico. Sinálase que infraestruturas asociadas aos aeroxeradores 01 e 02 localízanse na aérea de cautela do topónimo *Alto dos Sartegos* (TOP15014013) e un tramo de gabiá de cableado discorre polo contorno de protección do *Túmulo de Monte de Brañeira* (GA15029034).
- No subapartado 6.3.13 *Impacto sobre el patrimonio cultural*, do punto 6 *Identificación y valoración de impactos*, remitíndose ao Anexo nº 5, sinálase que a execución do parque se considera compatible, sendo necesario levar a cabo medidas preventivas e vixiar e controlar a obras nas proximidades aos bens culturais.
- No referente ás medidas correctoras propostas, dentro do punto 7 *Establecimiento de medidas*, no apartado 7.1 *Descripción de las medidas preventivas, correctoras y compensatorias*, concretamente no subapartado 7.1.15. *Medidas sobre el patrimonio cultural*, remítesenos ao Anexo nº 5 *Evaluación de impacto sobre o patrimonio cultural* no que están recollidas.
- No Anexo nº 5 *Estudio de Impacto sobre patrimonio cultural* preséntase a memoria da avaliación sobre o patrimonio cultural, cos resultados da *Prospección arqueolóxica para a avaliación sobre o patrimonio cultural do Parque Eólico O Cerqueiral* (Cabana de Bergantiños, Coristanco e Santa Comba, A Coruña) (CT 102A 2019/670-0).

No documento inclúese unha táboa coa valoración do impacto sobre os bens do patrimonio cultural localizados na poligonal do parque. Os bens de carácter arquitectónico e etnográfico, máis próximos atópanse a máis de 600 m ao SW do parque eólico, na localidade da Brañeira. Preséntase ficha individualizada dos bens afectados que inclúe proposta de medidas correctoras.

A valoración do impacto sobre os bens directamente afectados polo proxecto é a seguinte :

Código	Elemento	Causa do impacto e xustificación	Impacto
TOP15014013	Alto dos Sartegos	Aeroxerador 2 e infraestruturas asociadas (viario e gabias de cableado) a 0 m. Imposibilidade de identificar restos debido á vexetación.	Severo
TO15029017	Pedra Meduña	Gabiá de cableado a 0 m. Imposibilidade de identificar restos debido á vexetación.	Severo
RE15029012	O Castro	Gabiá de cableado a 0 m.	Severo
GA15029034	Túmulo de Monte da Brañeira	Gabiá de cableado a 5 m da área de protección integral, pola cuneta dunha pista existente.	Severo
GA15029052	Mámoa da Fonte da Cova	Plataforma do aeroxerador 4 a 130 m. Fora do contorno de protección establecido polo PXOM de Coristanco.	Moderado
TO15029016	Pedra Moura	Aeroxerador 5 a 280 m.	Compatible

- Establécense medidas correctoras e protectoras. Como medidas xerais propónse a delimitación dos bens na cartografía de obra, a construción das gabias de cableado polas cunetas situadas no lado contrario aos bens, controis arqueolóxicos continuos e a pé de obra desde a fase de roza e replanteo. Como actuacións específicas contémplase a roza e balizado das áreas de protección integral do *Túmulo de Monte da Brañeira* (GA15029034) e da *Mámoa da Fonte da Cova* (GA15029052).

Proxecto Sectorial

O proxecto sectorial estuda o ámbito de afección desde o punto de vista urbanístico e territorial.





No seu punto 3 *Estudio de la incidencia territorial*, no apartado 3.5 *Protecciones culturales*, recóllese a necesidade de contar cun estudo de avaliación do impacto do proxecto sobre o Patrimonio Histórico que inclúa unha prospección arqueolóxica do ámbito afectado e un programa de actuacións de conservación e protección do patrimonio arqueolóxico.

No punto 4 *Evaluación del impacto*, no subpartado 4.1.2.12 *Impacto sobre el patrimonio cultural*, faise referencia á localización dunha gabia dentro da área de cautela dun elemento e á realización dun estudo específico como parte do EIA.

No referente as medidas protectoras e correctoras, no subapartado 4.2.9 *Medidas sobre el patrimonio cultural*, o expone que estas actuacións e estableceran dentro do EIA e na memoria de impacto arqueolóxico.

No anexo nº 3 *Justificación DOT* do proxecto sectorial, no punto *Análisis de compatibilidad estratégica (ACE)*, no seu subapartado 3.3 *Relación con los elementos territoriales estratégicos*, sinalase que a instalación do parque eólico non afectará ao patrimonio cultural da zona, sendo o seu impacto moderado e considerándose o proxecto como compatible.

Unha vez analizados os documentos, pódense facer as seguintes consideracións técnicas:

- De acordo cos arquivos da Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais, e consultada a diversa cartografía e fotografías aéreas, así como o planeamento municipal, o plan básico autonómico e os visores do Instituto de Estudos do Territorio, constátase que dentro da poligonal do parque eólico e no seu contorno non se ten constancia de que existan bens integrantes do patrimonio cultural que se poidan ver afectados pola construción do parque eólico a maiores dos recollidos na Avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural do anexo 5 do EIA.
- Tendo en conta a ficha do catálogo do PXOM do concello de Coristanco e cos datos existentes no Servizo de Arqueoloxía da DXPC, o ben *Túmulo de Monte da Brañeira* (GA15029034) está afectado na súa área de especial protección por unha gabia de cableado.
- Segundo consta no estudo de impacto arqueolóxico, debido á vexetación non se puido nin descartar nin confirmar a presenza de restos arqueolóxicos relacionados cos topónimos Alto dos Sartegos, Peña Meduña e Pedra Moura e coa referencia RE1502901 O Castro.
- Non se concretan no EIA as actuacións que será necesario realizar para acondicionar os accesos ao parque eólico. O tramo da estrada CP-2902 que une Bormoio e O Rueiro será empregado para acceder aos aeroxeradores da zona oeste do parque, polo que será necesario atravesar os lugares de Anido e Brañeira (Coristanco) nos que se atopan á beira da estrada bens do patrimonio cultural. Tampouco se descarta a presenza, nos camiños de acceso, doutros elementos (antigos camiños e corredoiras, valados de pedra, muros de peche tradicionais, carballeiras, pontes, pontellas, muíños e outras construcións etnográficas) que poidan verse afectados polas actuacións necesarias para adecuar eses accesos na fase de obras (rectificación de curvas, sobreanchos, cunetas, limpeza de vexetación, podas, etc...).
- Cotexados os datos e a planimetría do Estudio de Impacto Ambiental Parque Eólico O Cerqueiral (marzo 2020) cos datos e planimetría Proxecto Sectorial con visado de 02.09.2020, compróbase que non existe diferenza nas características do proxecto.

INFORME

Á vista do exposto na análise da documentación presentada e nas consideracións técnicas, infórmanse **favorablemente** os documentos *Estudio de Impacto Ambiental Parque Eólico O Cerqueiral. Marzo 2020* e *Proyecto Sectorial Parque Eólico O Cerqueiral. Marzo 2020*, debéndose levar a cabo as medidas correctoras establecidas no Anexo nº 5 do Estudio de Impacto Ambiental e coas seguintes **condicións**:

- Modificarase a traza da gabia de cableado que afecta ao ben *Túmulo de Monte da Brañeira* (GA15029034) de maneira que quede fora de contornos de protección de bens cultural. A nova localización deberá acordarse cos servizos técnicos da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e o seu impacto terá que ser avaliado.
- Previo ao inicio da obras, comprobarase a existencia ou non de bens arqueolóxicos nas zonas dos topónimos *Alto dos Sartegos* e *Pedra Meduña* e da REF15029012 *O Castro*, realizándose unha roza da vexetación das áreas necesarias con control e seguimento arqueolóxico. No caso de identificarse bens arqueolóxicos avaliarase o impacto das obras sobre os mesmos e estableceranse as medidas correctoras oportunas. Así mesmo, deberá comunicarse inmediatamente a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural que poderá solicitar cambios nas características do proxecto do PE O Cerqueiral.
- No caso de identificarse novos bens arqueolóxicos, os concellos de Cabana de Bergantiños e Coristanco deberán incluílos no catálogo de bens culturais da súa normativa urbanística e definir e cartografiar os seus contornos de protección na planimetría de ordenación.





- Con carácter previo ao inicio das obras deberase presentar un documento no que se concreten as rutas de acceso desde as estradas CP-2904 e CP-2902 e se detallen as actuacións a realizar necesarias para facilitar o paso do transporte especial (podas, talas, rectificación de curvas, modificacións no firme, cunetas, etc.). Identificaranse os bens do patrimonio cultural que puideran verse afectados, tanto nos núcleos polos que se atravesa como no resto do trazado ata chegar aos aerxeradores (hórreos, cruceiros, valados de pedra, muros de peche tradicionais, antigos camiños e corredoiras, carballeiras, pontes, pontellas, muíños e outras construcións etnográficas) e valorarase a posible afección aos elementos e os seus contornos, establecendo as medidas protectoras e correctoras necesarias para a súa salvagarda.
- Os traballos de construción do parque eólico e a súa liña de evacuación realizaranse baixo control e seguimento arqueolóxico; a tal fin, e previo ao inicio dos mesmos, deberá presentarse un proxecto arqueolóxico axustado ao establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016) e no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm., 150, do 06.08.1997).
- A totalidade das obras que comporten movementos ou remocións de terras deberán levar aparelladas o control arqueolóxico das mesmas, que deberá de ser presencial e continuo nos contornos de protección dos xacementos arqueolóxicos documentados no Anexo nº 5 do Estudo de Impacto Ambiental. Realizarase un especial seguimento da roza das zonas de obra, así como o control dos perfís e cortes que se xeren. No caso de que se constate a existencia de restos arqueolóxicos, primarase a conservación dos mesmos.
- Calquera modificación do proxecto terá que ser informada pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.
- Certificarase o estado final dos elementos incluídos no patrimonio cultural unha vez rematada a totalidade de las obras.
- Os contornos de protección dos elementos catalogados do patrimonio cultural, deberán quedar libres tanto de obra nova relacionada co parque eólico e a liña de evacuación proxectada coma de zonas de amoreamento de materiais.
- Na planimetría do proxecto sectorial deberán reflectirse todos os cambios causados provocados polas condiciones impostas a información favorable do Estudo de Impacto Ambiental.

Documento asinado electronicamente en Santiago de Compostela

A directora xeral do Patrimonio Cultural

M^a Carmen Martínez Ínsua

